



**ASETEM**



**EMPRESA**  
Casa Mejuto  
cumpre 70 anos  
ao servizo da  
clientela P9

**MELIDE**  
Membros da  
Deputación  
visitan Melide  
para presentar  
o Plan Único  
2024 P13

**COMARCA**  
A veciñanza de  
Santiso pode  
solicitar  
composteiros  
para a xestión  
do residuos P17

**ENTREVISTA**



**María Cabado,**  
**Floristería**  
**Maru P23**

# Cerne

## O xornal da Terra de Melide

Ano XIX - Nº 218. Abril 2024. Distribución gratuíta

### Volve a iniciativa de Asetem "Somos Familia" para dinamizar as compras

A Asociación de Empresarios e Empresarias da Terra de Melide organiza a segunda parte da campaña comercial "Somos Familia" para dinamizar as compras arredor do 5 de maio.

A última fase da iniciativa "Somos Familia" vai traer diversas novidades como a canle na que se vai realizar, dado que nesta ocasión e con motivo da estrea da APP de Asetem os vales de compra sortearanse a través da mesma. O sorteo será de dous vales de compra por valor de 50 euros. P3



### Melide celebra a súa XVII Foliada o 27 e 28 de abril



O Concello presentou, o pasado 21 de marzo, o cartel e a programación da XVII edición da Foliada de Melide, un dos grandes eventos da música tradicional en Galicia. P14

### Máis de 400 persoas en Santiso din non a Altri



O pasado domingo, 7 de abril, máis de 400 persoas uníronse na Área Recreativa da Cornella (Santiso) para mostrar o seu rexeitamento ao proxecto de Altri en Palas de Rei. P19

  
**ESPOMASA**  
POLYURETHANE FOAM INDUSTRY  
CTRA MELIDE-TOQUES KM8  
L - V 7:00 a 14:00 15:30 a 18:30  
SÁBADOS 10:30 a 13:30  
*Fabricamos tus sueños*

**PRIMAVERA DE CALIDAD**

Esta primavera, llévate productos de **FÁBRICA** con las mejores calidades a un precio de ensueño.



## Tribuna de opinión

### O sentir da intelixencia artificial

Que a intelixencia artificial (IA) chegou para quedarse xa ninguén o dubida, cada día está máis presente nas nosas vidas e as súas funcións son, en gran parte, aínda descoñecidas para a cidadanía.

Se preguntamos por Siri, Cortana ou Alexa a maioría da poboación sabe que estamos a falar dunhas asistentes de voz presentes nos nosos dispositivos electrónicos como os teléfonos móbiles ou ordenadores. Isto é un exemplo de intelixencia artificial, unha ferramenta que parte da veciñanza emprega a diario para cousas tan sinxelas como chamar a un número de contacto da nosa axenda ou preguntar que tempo fará mañá. A IA tamén ten diversos usos na medicina como o diagnóstico temperá de enfermidades, o desenvolvemento de novos fármacos ou tratamentos máis personalizados. O alumnado tamén emprega a IA, o ChatGPT é capaz de escribir redaccións, artigos, resumos ou temarios de calquera



Unha man dun robot (IA) e dunha humana tocándose. / Foto: iStock

cuestión, todo simplemente con que os estudantes lles escriban o que precisan, algo semellante á carta dos Reis Magos. Grazas a IA vimos a Chiquito de la Calzada falando inglés ou cancións creadas por esta intelixencia na voz de artistas de fama internacional.

Non obstante, a intelixencia artificial desperta moitas preguntas, dúbidas e inquiredanzas. Ata onde pode chegar? Conseguirá substituírnos nos nosos traballos? Será capaz de sentir como o facemos os humanos, ou simulalo? As cues-

tións son infinitas e a intelixencia artificial non deixa de avanzar, grazas en parte ao uso continuado que realizamos da mesma.

A intelixencia artificial como ferramenta é moi poderosa mais, o amor, a solidariedade, a empatía, a sororidade, a tenrura ou a tristeza será capaz de transmitir e sentila? A caso un algoritmo pode substituír un abrazo ou caricias entre persoas? Conseguirá namorarse? Hai emocións que precisan dalgo máis que a intelixencia, por moi artificial que sexa.

## Editorial

### Os impostos para os autónomos e pemes

Xunta Directiva de ASETEM - CCA



Unha autónoma facendo calculando os impostos na súa oficina. / Foto: iStock

Chegou a época de render contas co Ministerio de Facenda, ata o vindeiro 1 de xullo poderase presentar a declaración da renda do 2023. Un período no que nos paramos a reflexionar se os impostos son realmente equitativos para os autónomos ou pequenas - medianas empresas comparado coas grandes marcas.

Os autónomos e pemes son os que maiores dificultades teñen para pagar os impostos, uns tributos que é preciso pagar para garantir uns servizos básicos de calidade como a educa-

ción ou a sanidade pública. Non obstante, o Estado debería volver os pensar o sistema de impostos e facer que os pequenos autónomos e negocios teñen maiores facilidades para pagar eses tributos, como poden ser os ligados ás contratacións de persoal.

Outro aspecto importante é fixarse na capacidade adquisitiva ou rendemento de cada empresa para que de xeito xusto, sen trapa posible, cada quen pague polo que gañe. Un sistema de impostos xusto e equitativo.

## Cerne

Edición dixital en [www.asetem.com](http://www.asetem.com)

Publicación mensual de distribución gratuíta

**COORDINACIÓN E REDACCIÓN:** Lorena Vidal

**EDICIÓN:** Asociación de Empresarios Terra de Melide

**ENDEREZO:** R/ Lino Sexto Sánchez 9, Melide (A Coruña)

**Telf. e Fax:** 981 506 188 **E-mail:** [info@asetem.com](mailto:info@asetem.com)

**COLABORACIÓN:** Latexo Logopedia, Vanesa de Quinzán e CEIP de Arcediago

**AGRADECIMENTOS:** Imprenta Meligraf e Pilar López

**IMPRESIÓN:** Publicaciones Tameiga S.L.

**DEPÓSITO LEGAL:** OR / 57 / 84



ASOCIACIÓN DE MEDIOS EN GALEGO

## ÍNDICE

- OPINIÓN.....2
- EMPRESA.....3
- COLABORACIÓN.....11,22
- MELIDE.....12
- COMARCA.....17
- CULTURA E LECER.....20
- ENTREVISTA.....23



## Volve a campaña comercial "Somos Familia" para dinamizar as compras arredor do 5 de maio

A Asociación de Empresarios e Empresarias da Terra de Melide organiza a segunda parte da campaña comercial "Somos Familia" para dinamizar as compras arredor do 5 de maio (tradicionalmente o Día da Nai).

A última fase da iniciativa "Somos Familia" vai traer diversas novidades como a canle na que se vai realizar, dado que nesta ocasión e con motivo da estrea da APP de Asetem os vales de compra sortearanse a través da mesma.

Todas as persoas que merquen nos establecementos locais asociados a entidade empresarial entre o luns 22 de abril e o domingo 5 de maio poderán participar no sorteo de 2 vales de compra de 50 euros para gastar nos comercios de proximidade. Para poder participar no sorteo, as persoas que compren nos períodos anteriormente sinalados, os compradores deben subir unha foto do seu ticket ou factura á APP de Asetem, no apartado dedicado a esta campaña. A maiores, para que poder incluír a canta máis xente mellor, as persoas que non teñan un teléfono intelixente poden pedirlle aos responsables dos negocios que rexistren o seu ticket por



O vicepresidente de Asetem, Rodrigo Fernández, na presentación da campaña cos comerciantes. / Foto: Asetem - CCA

eles, no caso de ser premiado avisaráselle por teléfono.

A APP da Asociación de Empresarios e Empresarias da comarca estará dispoñible a partir do 18 de abril para o 22 comezar coa campaña "Somos Familia", esta ferramenta terá un

funcionamento moi sinxelo e intuitivo. A aplicación pódese descargar a través de Google Play Store (no caso de dispositivos con sistema Android) e Apple App Store (para IOS), é totalmente gratuíta e segura con respecto á protección de datos.

O sorteo realizarase a través da APP o luns 6 de maio e o vídeo publicarase ese mesmo día nas redes sociais de Asetem. Ademais, as persoas gañadoras serán informadas por teléfono para poder recoller os vales de compra.

No comercio de proximidade de Melide a clientela atopará todo tipo de artigos e servizos para sorprender e agasallar a ese membro ou membros da familia tan especial. Nesta actividade, Asetem continúa apostando pola inclusividade dos diversos modelos de familia da nosa sociedade actual.

Dende a directiva da entidade empresarial animan a toda a veciñanza e usuarios dos comercios locais a participar, xa que esta iniciativa "ten dous obxectivos: o primeiro, dinamizar as compras ou o consumo nos establecementos locais asociados durante as xornadas previas ao 5 de maio, e segundo, premiar cos vales a fidelidade da clientela das tendas de proximidade". A maiores, tamén fan fincapé "na necesidade de que os responsables e empregados dos comercios animen aos usuarios e usuarias a descargar a APP dado que terá moitas máis aplicacións que se irán desenvolvendo nas vindeiras semanas". De feito, Asetem organiza unha xornada formativa para os xerentes dos establecementos locais sobre esta APP o vindeiro xoves, 18 de abril, ás 20:30 horas no Salón de Actos da asociación.

# CHINCHES?

**Plagostel**  
control de riesgos ambientales


**▶ Llámanos**

**▶ 698179968 / 986118714**

**▶ ✉ administracion@plagostel.com**



# Somos Familiar



Organiza:



Proxecto cofinanciado por:



Colabora:





## A Semana Santa axuda a mellorar os datos de desempregados en marzo



Un mural no que se representan as filas de xente sen traballo para entrar na Oficina de Empleo. / Foto de arquivo

A Semana Santa axuda a mellorar os datos de desempregados na comarca da Terra de Melide en marzo.

O terceiro mes do ano pecha cun balance positivo nas cifras de persoas

paradas, xa que na comarca atoparon emprego 27 veciños e veciñas. Como xa vén sendo habitual nos últimos meses, cada concello ten as súas particularidades, neste caso os datos quedan do se-

guinte xeito: Melide é o municipio máis beneficiado das contratacións para Semana Santa, dado que 26 persoas comezaron a traballar (total de persoas paradas 297); Sobrado súmase á tenden-

cia positiva e inclúe ao mercado laboral 2 persoas máis (total 36); Toques non sofre variacións mantense nos 26 desempregados; e, por último, Santiso que engrosa as súas listas do paro cunha persoa máis (en total 56).

Estas cifras amosan a chegada da tempada de verán que, especialmente, no sector da hostalería e o ocio implica a contratación de máis cadro de persoal. De feito, na comarca da Terra de Melide, marzo foi o mellor mes para o emprego do que levamos de ano.

Se ollamos os números por sexo, as mulleres seguen sendo as que peor parte levan, xa que actualmente continúan en situación de desemprego 228, fronte aos 187 homes. Outro dos sectores nos que é importante fixarse son as persoas que están esperando o seu primeiro traballo (e se anotaron na Oficina de Empleo), na comarca son 37.

No caso do resto das comarcas da contorna, os datos positivos obsérvanse en todas elas. En todos os municipios da comarca de Arzúa baixa o número de parados, quedando o descenso en 24 persoas (total desempregados 488). A Ulloa tamén recolle bos datos, especialmente na localidade de Monterroso, cun total de 31 persoas paradas menos na comarca (278). Para rematar, no Deza a baixada é algo menor que noutros territorios do centro de Galicia, porén é preciso ter en conta que neste caso a diminución dos desempregados foi máis progresiva nestes primeiros meses de 2024, en marzo atoparon traballo 17 persoas. Se nos fixamos por municipios, Vila de Cruces ten as mellores cifras con 13 empregados máis e a peor parte lévaa Lalín con 4 persoas máis en situación de desemprego (en total na comarca 1.469).

## Aberto o prazo de solicitude da nova liña de axudas para persoas entre 41 e 55 anos que se incorporen á actividade agrogandeira

O prazo de solicitude da liña das axudas da Xunta de Galicia destinadas, por primeira vez, á incorporación de persoas entre 41 e 55 anos á actividade agrogandeira estará aberto ata o vindeiro luns 22 de abril. Esta nova data foi fixada logo da ampliación publicada en xaneiro. Este programa de achegas enmárcase dentro da convocatoria que inclúe os investimentos en explotacións agrícolas e á integración de mozos ao sector.

A convocatoria destas achegas publicouse o pasado 22 de xaneiro no Diario Oficial de Galicia. Estas subvencións pertencen ao Plan Estratéxico da política agraria (Pepac) común de España 2023 - 2027. O orzamento está cofinanciado nun 12% polo Goberno do Estado, nun 28% pola Administración

autonómica e un 60% polo Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (Feader).

Mediante esta liña de axudas dende as Administracións buscan mellorar a estrutura produtiva das explotacións galegas e avanzar na consecución dunha adecuada dimensión e un correcto equilibrio dos seus factores de produción co obxectivo de mellorar a competitividade. A maiores, con este programa de subvencións procúrase acadar un rexuvenecemento da poboación activa agraria e fomentar o emprego neste sector, con especial consideración cara as mulleres, co fin último de fixar poboación no rural.

Esta liña específica destinada a persoas de entre 41 e 55 anos está dotada con 3 millóns de euros. No caso da partida asignada

para sufragar investimentos en explotacións agrícolas (os coñecidos como plans de mellora) é de 28 millóns, aos que hai que sumarlle os 16 millóns de euros que se destinan para a incorporación de mozos ao agro.

As persoas que entren dentro dos criterios de idade desta liña de axudas poden solicitar a mesma a través da Sede Electrónica da Xunta de Galicia. O prazo para realizalo remata o vindeiro luns 22 de abril. Para solicitar estas subvencións é necesario contar co certificado dixital, chave 365 ou DNI electrónico.

No 2023, tal e como se publicou no Diario Oficial de Galicia, foron aprobados 875 expedientes cun presuposto total de 32,13 millóns de euros, cubrindo todas as solicitudes que cumpriron cos requisitos.



Un home de máis de 41 anos que se incorporou á agricultura. / Foto: X.Galicia

Dentro das aprobadas, 504 plans de inversións en melloras para explotacións agrarias recibiron un importe de 19,05 millóns. En canto á incorporación de mozos e

mozas, 252 persoas beneficiáronse dun presuposto total de 11,29 millóns de euros. Para as pequenas explotacións, 119 granxas recibiron unha inversión de 1,79 millóns de euros.



## A Asociación de Empresarios e Empresarias da comarca presenta alegacións ao proxecto de Altri



Fachada da sede da Asociación de Empresarios e Empresarias da Terra de Melide. / Foto: Asetem

A Asociación de Empresarios e Empresarias da Terra de Melide presenta alegacións ao proxecto de Altri, logo de ter consultada a documentación enviada pola empresa para a solicitude de autorización ambiental integrada e estudo de impacto ambiental.

Dende esta entidade empresarial amosan a súa preocupación polo afectación que esta fábrica de celulosa poida ter nos negocios de proximidade da comarca, sobre todo, naqueles que viven de xeito directo ou indirecto do Camiño de Santiago. Un dos

grandes motores económicos do concello de Melide.

Ademais, a Asociación manifesta o seu apoio e interese ás empresas que queiran instalarse na comarca pero deben cumprir determinadas garantías de respecto ao tecido empresarial e medioambiental.

## Aberto o prazo para solicitar as subvencións para obras de accesibilidade nas vivendas



Unha persoa con discapacidade nunha vivenda accesible. / Foto: iStock

A Xunta de Galicia ten aberto o prazo para solicitar as subvencións para realizar obras de accesibilidade nas vivendas particulares e edificios residenciais.

Nesta convocatoria, as axudas irán dende os 6.000 ata o 18.000 euros por casa, dependendo do inmovible e de se hai veciñanza en situación de discapacidade.

Con carácter xeral, as subvencións cubrirán como máximo o 60% dos gastos, aínda que podería chamar ao 80% no caso de que algún residente supere os 65 anos ou estea nunha situación de discapacidade.

As solicitudes realízanse, preferiblemente, por vía electrónica a través do formulario normalizado

dispoñible na sede electrónica da Administración autonómica.

As vivendas obxecto destas axudas deben cumprir uns requisitos que, entre outros, son: estar finalizadas antes do 2006 (agás que viva no inmovible unha persoa cun grao de diversidade funcional reconecido igual ou superior ao 33%), que sexan o domicilio habitual ou permanente das persoas propietarias, usufrutuarías ou arrendatarias no momento de solicitar as axudas; no caso de vivendas de tipoloxía residencial colectiva polo menos o 50% da súa superficie construída sobre rasante (agás a planta baixa ou inferiores) teña uso residencial de vivenda. O prazo para executar as obras non pode exceder os 12 meses, contados dende a data de notificación da resolución para vivendas unifamiliares, e de 24 meses no caso de edificios residenciais ou vivendas colectivas.

## Os comercios xa poden adherirse como colaboradores do Carné +65



O Carné +65 ao que os comercios poden adherir para colaborar. / Foto: X.G

Os comercios de proximidade xa poden adherirse como colaboradores da iniciativa Carné +65, coa que as persoas maiores de 65 anos poden desfrutar de descontos, vantaxes e beneficios exclusivos.

Os establecementos que queira colaborar só

precisan cubrir un formulario en liña. As tendas colaboradoras deben ofrecerlles a estes usuarios unha serie de vantaxes sobre os produtos á venda ou servizos que presentan. Unha vez rexistrado, o comercio incluírase na rede de establecementos desta iniciativa.

## Hidroeléctrica Lumymey está presente na feira Enerxétika



Invitación de Hidroeléctrica Lumymey para participar en Enerxétika. / Foto: H.L

A empresa Hidroeléctrica Lumymey participa na feira máis importante do sector en Galicia, Enerxétika. Este evento celébrase dende hoxe ata o sábado, 13 de abril, no municipio de Silleda.

Dende Hidroeléctrica Lumymey contarán cunha caseta e afirman que lles encantaría que outros nego-

cios e persoas poidan acudir a este evento. Por iso, as persoas interesadas en visitar esta feira puideron adquirir un convite a través deste establecemento.

Neste espazo xuntáranse diversas empresas do sector da enerxía para intercambiar experiencias e medir os numerosos cambios que experimentan.



**PRUEBA 1 MES  
AUDÍFONOS  
GRATIS**



**tábora**  
CENTRO ÓPTICO Y AUDITIVO



E-15-001241

**ESTUDIO AUDIOLOGICO GRATUITO  
FINANCIACION SIN INTERESES  
ÓPTICA TÁBORA MELIDE  
RUA PROGRESO,13  
Tlf: 981 505 199  634950412**

**NUEVA  
UBICACIÓN**



**tábora**  
CENTRO ÓPTICO Y AUDITIVO

**2 GAFAS  
GRADUADAS  
99 €**

**ÓPTICA TÁBORA MELIDE  
RUA PROGRESO,13  
Tlf: 981 505 199  634950412**



E-15-001238



## A veciñanza acude en masa ás charlas informativas sobre a fábrica de celulosa de Altri en Palas de Rei

Dende hai unhas semanas o tema estrela nas xuntanzas familiares, de amigos ou mesmo no traballo é a posible instalación da fábrica de Altri no concello de Palas de Rei, a poucos quilómetros da parroquia melidense do Leboreiro.

O interese que levanta este proxecto, para ben e para mal, é amplo polo que foron moitas as veciñas e veciños que acudiron ás dúas charlas informativas organizadas en Melide, no Centro Sociocultural Míngos de Pita.

Por un lado, na xornada de información que a empresa celebrou o pasado 21 de marzo ás 13:00 horas, varios representantes da empresa portuguesa defenderon o Proxecto Gama.

Un dos argumentos empregados foi a boa calidade na que saíría a auga logo do seu uso na fábrica: "a auga unha vez usada e tratada devolveuse ó río na mesmas condicións ou incluso mellor nalgúns parámetros", porén se ollamos o documento presentado pola empresa para a avaliación do impacto medioambiental fálase de que a fábrica pretende devolver cada día ao Ulla 30 millóns de litros de auga tratada previamente que provocará unha variación da temperatura do leito do río "non maior de tres graos". A este respecto, un veciño da vila preguntoulles o motivo polo que non usan a auga en circuito pechado se vai saír en tan boas condicións, non obstante, os representantes de Altri limitáronse a dicir que "a auga ten que ter unha calidade específica senón a caldeira non funcionaría". Sobre este mesmo aspecto, na charla informativa organizada pola Plataforma Ulloa Viva, Xaquín Rubido (presidente da Plataforma en Defensa da Ría de Arousa) comentou a xa complicada situación do



O Centro Sociocultural Míngos de Pita cheo de veciñanza durante a charla de Plataforma Ulloa Viva. / Foto:P.U.V

marisqueo na zona, debido á contaminación e a ausencia do Nordés. A maiores disto comentou, "Altri vai detraer un gran volume de auga e aportarlle materia orgánica e químicos, e todo a 27 graos de temperatura". Rubido, fixo fincapé en que "a Ría de Arousa é unha potencia económica que produce o 70% do mexillón e o 60% da ameixa, con Altri vaise ir ao traste unha sinal de identidade de Galicia".

Por outra parte, dende a empresa defendeuse a minimización do impacto visual coa creación dun cinto verde, coa utilización de especies autóctonas, e o aproveitamento dos desniveis do terreo. No documento presentado pola empresa á Xunta fálase da instalación dunha cheminea de 75 metros de altura a uns 2 quilómetros do Camiño de Santiago. Na xuntanza en Melide con Altri, afirmaron que "os gases que vaian saír da cheminea serán totalmente limpos". Porén, a zona na que se prevé instalar esta fábrica fora proposta polo Goberno autonómico para a ampliación

de Rede Natura (unha figura de protección medioambiental), na charla da Plataforma Ulloa Viva, Santiago Ortíz (catedrático de Botánica da USC) referiuse a esta zona como "excepcional dende o punto de vista de conservación da flora, hai 8 especies en perigo e delas 7 están no Catálogo Galego de Especies Ameazadas, co que supostamente terían que estar protexidas pola Xunta". Neste espazo tamén falou Xoán Castro (enxeñeiro agrónomo) quen criticou o proxecto e amosou a súa preocupación polas partículas de óxido de nitróxeno e xofre que nos "van afectar a nosa calidade de vida". A maiores, asegurou que "os sólidos en suspensión van sedimentar e enlodar todo o encoro de Portodemouros". Dada a proximidade da cheminea de 75 metros e escasos quilómetro dun tramo do Camiño de Santiago, na xornada con representantes da empresa o público manifestou a súa preocupación pola afectación que isto poida ter no Camiño de Santiago, por mor de que os peregrinos comecen a preferir

outras rutas como pode ser a do Inverno (que non pasa nin por Palas de Rei nin por Melide). Ante esta preocupación, os representantes de Altri só comentan que "non está previsto".

Unha das grandes vantaxes que se comunicaron ao principio de coñecer este proxecto foi a forte creación de emprego, falábase dun 2.500 postos, cifra que durante a charla non confirmaron. Os representantes da empresa portuguesa defenderon que van priorizar o emprego de xente da zona "ata onde se poida", o que manifestaron de "acto egoísta pola nosa parte porque podemos reter mellor o persoal". Non obstante, Rubén Lois (catedrático de Análise Xeográfica e doutor en Xeografía) destacou que "en Portugal teñen 3 plantas e só 700 empregados, xeran menos emprego que o Camiño, gandería e as empresas da comarca". Lois comentou na xornada de información da Plataforma Ulloa Viva que Altri responde a un exemplo de "acumulación por desposesión" polo que "uns cantos

se fan ricos sen ter en conta o territorio, esquilman, colllen os beneficios e vanse". Ademais, hai expertos que dubidan de que esta planta poida fixar poboación nas localidades rurais, dado que a proximidade de cidades como Lugo ou Santiago farían que eses traballadores preferiran residir nestas cidades, ao tempo que sinalan a escasa oferta de vivenda da zona o que tamén dificulta a implantación destes empregados en concellos como Melide, Palas de Rei ou Santiso.

Outras das cuestións importantes é o impacto deste tipo de fábricas na saúde da veciñanza. O certo é que non hai estudos científicos que poidan esclarecer unhas conclusións firmes sobre as consecuencias que teñen as celulosas na saúde da xente, porén na charla da Plataforma Ulloa Viva contouse coa presenza dun pneumólogo xubilado, Evaristo Lombardero, que traballou 20 anos no Hospital de Navia (Asturias), a escasos quilómetros da pa-peleira que ten Ence nese municipio. "Non hai traballos publicados ao respecto sobre os efectos na saúde da xente, pero os pneumólogos e os pediatras sospeitábamos dos efectos destas celulosas nos casos de asma infantil e nas patoloxías respiratorias".

Para rematar, Altri prevé usar entre 220 e 225 millóns de euros procedentes dos Fondos Next Generation. Un dos requisitos para recibir estes cartos é non causar prexuízos significativos ao medio ambiente. Ademais, este proxecto de Altri non só ten firma portuguesa, xa que tamén está liderado por Greenalia (con Beatriz Mato no Consello Directivo) e conta co apoio da consultora ACENTO (na cal José Blanco é socio fundador e CEO).



## Casa Mejuto cumpre 70 anos ao servizo da clientela



Imaxe coa que en Casa Mejuto celebraron o 70 aniversario do negocio, coas fotografías de María e Francisco, primeira xeración ao mando deste establecemento do municipio. / Foto: Casa Mejuto

Casa Mejuto é unha das empresas con maior traxectoria na nosa comarca, todo comezou alá polo ano 1954 cando Francisco e María se asentaron en Melide para abrir o seu negocio. O primeiro establecemento rexentado por esta familia era un pequeno ultramarinos onde a xente da vila e a contorna acudía para mercar alimentos e todo o necesario para o día a día. Máis tarde, ampliouse o negocio pasando a ofrecer o servizo de pensión e comidas porque “daquela a xente non tiña tantas facilidades para ir dun lugar a outro, as estradas non eran coma actualmente, e comezaron a pedirlle pousada e comida, polo que meus avós decidiron ofrecer tamén eses servizos”, comenta José Antonio Mejuto.

A pesares de ter apenas 10 anos cando os seus avós deixaron o ultramarinos, José, recorda perfectamente como era ese trato coa clientela: “vía a meus avós e a meus pais tratar aos clientes de xeito directo,

con confianza e cariño, e xa me gustaba ese traballo. De feito, teño o recordo de levarlle a algunhas casas das aldeas o viño para as festas, mostra do trato que había coa xente que mercaba na tenda”. En Casa Mejuto sempre fan moito fincapé no seu trato personalizado e de proximidade coa xente, algo que José aprendeu dende ben noviño e que lle marcou o camiño para continuar. “Os produtos que vendemos foron cambiando, nós somos un pouco a parte máis innovadora, pero o espírito mantense. Seguimos sendo unha empresa familiar, cun trato directo e de confianza coa clientela, e chamándonos Casa Mejuto, en honor a eles”, explica o neto de Francisco e María.

A primeira xeración de Casa Mejuto foi a que abriu as portas e fixo camiño, uns avós que de seguro “estarían moi felices” de ver como segue funcionando o negocio familiar a día de hoxe. É máis, “sería como comprobar o éxito do seu proxecto, a miña gran ilu-

sión (siga ou non a empresa cando me xubile) é deixar a Casa Mejuto á altura que o deixaron eles. Un establecemento que trata con cariño, coida e respecta aos clientes”, destaca José.

Son moitas as persoas da vila e arredores que coñecen Casa Mejuto polos seus ancestros, por eses avós ou pais, que levan moito tempo comprando nesta tenda os seus licores ou viños, algúns a diario e outros só nos días de festa. “A maior recompensa é que a xente valore os nosos produtos e comparta con nós a súa experiencia. Ver clientes que levan 3 xeracións comprando e que seguen recomendando a outra xente para que veña mercar aquí, iso é un orgullo”, fala o xerente desta empresa familiar.

Logo de 70 anos en funcionamento, Casa Mejuto tivo que adaptarse aos novos tempos para non quedar atrás. Un obxectivo que non sempre é sinxelo pero que neste negocio de bebidas conseguiron reali-

zar. “A clave está en adaptarse aos tempos sen perder a túa esencia”, manter aquilo que te fan único ou identificativo é fundamental para que a clientela te siga vendo como unha referencia. Unha das características deste negocio é a súa liña de bebidas propias, creada por eles mesmos. Outra parte importante son os clientes, “hai que escoitar á xente que che compra, se varias persoas che din un aspecto negativo dun produto tes que escoitalos e intentar melloralo”, comenta Mejuto. O espírito de autocrítica e a busca de mellorar cada día os teus produtos é clave para adaptarse aos novos gustos, tendencias e hábitos dos consumidores.

Ademais, dende Casa Mejuto destacan as vantaxes de ser unha pequena empresa como a familiaridade cos clientes e provedores, coñeces a cada un deles. “Para nós a xente que nos compra non son etiquetas, son Juan, María ou Javier; para a clientela que te acordos do que soe

mercado ou os seus gustos e lle poidas recomendar mellor que nunha gran superficie valóranos moito”.

Traballar en familia ten como todo, as súas vantaxes e inconvenientes pero no caso de Casa Mejuto destacan que conseguiron “desfrutar do noso traballo, facer del o noso modo de vida”, intentando gozar do traballo en conxunto e medrar pasiño a pasiño. A maiores, José fai fincapé “na confianza que tes traballando en familia que che permite levar as tarefas doutra maneira. A maiores, sempre tiven a sorte de que me acompañara Chus, alma da empresa, especialmente no trato coa clientela”. A pesares da paixón polo seu traballo, Jose e Chus, afirman que os seus fillos, a seguinte xeración de Casa Mejuto, “teñen que facer o que os faga felices, sexa neste negocio ou noutro eido profesional. Este é o noso proxecto de vida, eles teñen que descubrir cal é o seu, nunca os condicionaremos para seguir coa empresa”.



## “En Nueces de Mar a nosa principal vantaxe cara a clientela é que somos unha consultoría 360º”

- **Que servizo ofreceades en Nueces de Mar?**

- **Beatriz Irigoyen:** Ofrecemos servizos de xestión integral de asesoramento de empresas ou entidades públicas para a realización de proxectos, eventos, posta en marcha de novas ideas, servizos de comunicación, márketing dixital e redes sociais, entre outros. En definitiva, pódese dicir, que somos unha empresa con diversos perfís profesionais que nos permite dar diversos servizos e, o máis importante, de calidade.

- **Que te animou a montar unha empresa no municipio?**

- **B.I:** Melide é un lugar estratéxico, no centro de Galicia, ben situado con respecto a outros territorios como poden ser as cidades de Lugo, Santiago, Coruña e Ourense. Esta boa comunicación da vila con outras localidades permíteche abrir o abano da clientela dun xeito natural. Melide é o noso punto de referencia para poder cubrir as necesidades do sector en toda a comarca e arredores.

- **A comunicación nas empresas, tanto de xeito interno como externo, é cada vez máis importante. Como poderíades axudar a melloralas?**

- **B.I:** Os empresarios e empresarias estanse dando conta da necesidade de contar cunha comunicación fluída e bidireccional coa clientela e cos propios empregos. En Nueces de Mar aválanos unha ampla experiencia, tanto no sector público como privado. Temos a sorte de coñecer de primeira man tanto o funcionamento das empresas como tamén o sector da comunicación. Contamos con persoal especializado e preparado, un aspecto fundamental para traballar con estes dous ámbitos e facelo con bos resultados.



Beatriz Irigoyen, xerente de Nueces de Mar, participando nunha ponencia sobre Centros Comerciais Abertos. / Foto: B. I

- **As redes sociais estanse a converter nun gran escaparate para os comercios e establecementos locais.**

- **B.I:** Hoxe en día as redes sociais son fundamentais, son escaparate imprescindible das empresas do comercio de proximidade.

Non obstante, non nos podemos esquecer, especialmente nas vilas pequenas, do escaparate físico. A pesares de que os nosos hábitos mudaron e apostamos máis polo dixital, todos seguimos andando pola rúa e cando vemos algo que nos gusta no escaparate físico é o mellor gancho para entrar na tenda.

As redes sociais e o comercio presencial deben complementarse, non excluírse. Tampouco é preciso que cada establecemento conte con todas as redes sociais, o importante é facer un estudo das máis adecuadas para cada caso e ser constantes e activos nelas.

Ademais, todos os elementos do comercio de proximidade débense reflectir nas súas redes.

- **A formación no voso sector é imprescindible.**

- **B.I:** Totalmente. A formación é diaria. Todos os días aprendemos cousas novas, debemos actualizarnos e camiñar cos tempos. Tanto no mundo do asesoramento empresarial como no da comunicación e o márketing non deixan de saír novos conceptos, ferramentas, tendencias, ... Polo que necesitamos estar ao día, sen deixar de aprender e mellorar para ofrecer un bo servizo ás empresas ou entidades públicas que o requiran.

- **Cales son as vantaxes de contratar os servizos de Nueces de Mar?**

- **B.I:** A principal vantaxe é que somos unha empresa de consultoría 360º, é dicir global. Grazas ao noso equipo e experiencia, coñecemos aspectos da entidade, administración ou empresa

que nos contrata e estamos preparadas para dar o asesoramento integral, ou parcial, pero tendo sempre en conta o resto de ramas nas que traballamos.

- **Comentas que a maiores de traballar co sector privado tamén o facedes con asociacións ou Administracións, son moi diferentes as tarefas e o procedemento?**

- **B.I:** O procedemento no sector público, como xa se sabe, é diferente. Hai unhas normas e unha situación distinta nas que nos temos que adaptar. Porén, á hora de enfocar un proxecto o noso traballo é o mesmo: observar, asesorar, aconsellar e traballar. Sexa no ámbito público ou privado, a nosa labor é igual de profesional e sempre intentamos ofrecer o mellor servizo.

- **Os hábitos de consumo foron mudando, especialmente despois da pandemia, marcou isto**

un antes e un despois no xeito de entender a comunicación dende as empresas máis pequenas?

- **B.I:** Si, por suposto. De todos xeitos, despois da pandemia foi un pouco colapso de información e agora é o momento no que nos estamos poñendo a ordenar todo. A pandemia foi unha situación difícil para moita xente e empresas, toca sacar aprendizaxes e quedar-nos co bo.

Obviamente, logo da COVID a xente foise acostumando máis a mercar e realizar os seus trámites pola rede pero, faría fincapé, en que non se debe abandonar tampouco a canle física. Deben coidarse e traballar en ambas partes.

- **Ademais, no teu caso contas cunha ampla traxectoria no sector da asesoría relacionado coas empresas de proximidade.**

- **B.I:** Efectivamente. Dende fai máis de 15 anos dedícame ao sector comercial, hostaleiro e servizos locais. A maiores, conto cunha longa experiencia e traxectoria con asociacións e federacións empresariais en toda Galicia.

- **Como podemos contactar con vós?**


- **B.I:** Nos teléfonos 652 58 05 02 e 698 16 63 29 ou no correo electrónico: beatrizirriscomunica@gmail.com.

- **Que iniciativa ou actividade che gustaría que se desenvolvera en Asetem agora que comezas a formar parte da mesma?**

- **B.I:** Considero que sería bo retomar, adaptado aos tempos e ás necesidades actuais, o compañeirismo entre empresas, o recomendar-se uns aos outros. Venirse como un colectivo, non individuais. Traballando en equipo sempre é máis ganancia para todos.



ESTE MES LATEXO LOGOPEDIA  
CÓNTACHE..."



## LINGUA DE SIGNOS E LOGOPEDIA



Cristina Fernández Barros  
Nº col. 15/0099



Teléfono:  
642 007 210

Se o mes pasado falabamos de perda auditiva, este mes falamos de lingua de signos, que precisan en moitas ocasións as persoas con esa perda auditiva.

Por definición, a lingua de signos é unha lingua natural de carácter visual, xestual e espacial con gramática propia que reúne todas as características e cumpre as mesmas funcións que calquera outra lingua. É dicir, como o seu propio nome indica, é un idioma, unha lingua pero que se compón de signos, que se realizan coas mans, que se necesita o campo visual para comunicarse e que ten asociadas diferentes posicións ou orientacións da man e expresións faciais simultáneas para transmitir as mensaxes. Ten unha gramática propia polo que ser capaz de signar o vocabulario, non libra da necesidade de aprendizaxe

da estrutura das frases para ter unha boa competencia nesta lingua.

Non hai unha única lingua de signos no mundo como pasa con todos os demais idiomas. Cada país ten unha ou varias linguas de signos que van evolucionando con independencia das linguas orais.

En logopedia usamos a lingua de signos como sistema de comunicación alternativo en persoas que non poidan desenvolver comunicación oral e ademais pode ser usado como sistema de comunicación aumentativo en casos de dificultades para aumentar a comprensión da linguaxe oral. A lingua de signos facilita a aprendizaxe en xeral, o acceso á lingua oral e ademais propicia a participación e inclusión social das persoas xordas.

As persoas xordas son as principais usuarias

da lingua de signos pero en logopedia tamén a usamos con outras patoloxías para como comentaba, aumentar a súa capacidade de comprensión da linguaxe oral e tamén para propiciar a expresión a nivel oral.

Así, podemos usar a lingua de signos con persoas con implantes cocleares, persoas con TEA, persoas con mutismo selectivo, persoas con alteracións cognitivas derivadas dun ACVA (ictus) ou dun TCE (traumatismo craneoencefálico) para apoiar as mensaxes que lle transmitimos ou para axudar a que emitan palabras a nivel oral. A pesar de poñer estes exemplos concretos, case se podería dicir que a lingua de signos pode axudarnos en logopedia en practicamente calquera patoloxía.

Ademais da lingua de signos, temos outros sistemas que podemos usar

para aumentar a comunicación que tamén se basean na xestualidade e que en parte teñen base na lingua de signos, como pode ser a palabra complementada e o sistema de comunicación bimodal.

Non obstante, o uso da lingua de signos implica un coñecemento profundo do idioma e de toda a súa funcionalidade. Moitas veces a formación que alcanzamos como logopedas non é suficiente para poder facer un adestramento en lingua de signos coas persoas que o precisan e debemos estudalo igual que estudamos calquera outro idioma. Desta maneira, non será equiparable o uso que poida facer eu de signos da lingua de signos que unha persoa que teña estudado de forma profunda a lingua. Como en todo, o mellor é formarse para ter os coñecementos precisos.

## O medo a falar

Está visto que hai persoas que teñen dificultades para manifestar abertamente as súas discrepancias con aquilo que lles afecta negativamente. Non é que non discrepen, que todo lles pareza ben: é que un medo indescribible pode máis cá súa voz.

Moita xente prefire facelo por escrito, porque cando te escondes detrás dun teclado (xa poucos manuscritos se ven hoxe en día) parece que non te le ninguén, e podes escapar da forza que exerce a mirada de quen pensa distinto a ti, ou de quen te ataca. Ocorre con cousas tan diversas como o amor e a política. Todos coñecemos persoas que se atacan por WhatsApp, por redes sociais, e logo actúan no directo coma se nada tivese acontecido.

Pode ser que esa sexa unha maneira de actuar cando non nos chega a coraxe nin a valentía que ás veces se precisan para afrontar unha conversa que non nos é favorable, ou que nos incomoda. Mais, polo menos, bótase fóra aquilo que nos pica, tristemente desprovisto da frescura e a sinceridade que dá o directo, pero dito polo menos.

Mais, hai casos nos que algo se nos pon na gorxa e o medo supera as ansias. Faltámonos ao respecto a nós mesmos e á nosa integridade

apara non facer barullo, non armar escándalo, que non conste o noso enfado, coma se puntuase nalgunha táboa de puntos estar en harmonía co mundo, incluso cando nos é inxusto.

Perigosamente, estámonos afacendo a convivir co medo a discrepar, a dicir que discrepamos, e a maior parte da xente prefire calar ante as inxustizas e ante os abusos da -supostamente- autoridade. As persoas que deciden poñer unha queixa nun hospital porque nunca chega a súa cita, nunha administración pública ou nun servizo ao que ten dereito son vistas como persoas revoltosas, "folloneras", polémicas e cun algo violento. Cando, a realidade é que quen está exercendo violencia é o que nos trata mal abusando da súa situación de poder ou privilexio.

Pouca xente pide unha folla para poñer unha queixa cando diante de nós unha encargada maltrata verbalmente a unha caixeira nun supermercado. Pouca xente pon unha reclamación cando atopa día tras día pechada a porta ou o teléfono do funcionario que debería atendernos. Pásanos a todos, contámolo nos corrillos, pero non facemos nada, e a inxustiza e a inxustiza e o abuso perpetúanse coa nosa complicidade. Case ninguén protesta porque protestar polo que é de xustiza é de "rojos", de

revoltosos, de xente amargada; mentres que callou moi forte en nós -e canto máis nos núcleos pequenos e rurais como Melide- que caladiños estamos máis guapos, somos máis educados, e conseguimos máis pedindo o favor ca esixindo o dereito.

Non é este un texto de apoloxía do pancartismo: é un texto que pretende reivindicar a voz que temos, coa educación que dá a razón, esixir en voz alta os dereitos que nos corresponden, a forza suficiente para dicir "non estou de acordo, así non" cando nos atacan, aínda que sexa por escrito, cando nos trema a fala.

As citas médicas son un dereito, e se non as dan temos que reclamarlas. Recibir un trato con educación nunha administración pública é un dereito; ser atendido sen ofensas nin maltratos verbais é o noso dereito, e cando todo isto falla hai que perder o medo a falar, porque o silencio ante as inxustizas fai medrar a bóla que nos aplasta, xustifica a indecencia e apoia ao abusador. Por escrito ou de palabra, non te deixes pisar.

Vanesa de Quinzán



## Perda da condición de funcionaria para a persoa traballadora de Emprego condenada por estafa



O edificio que acolle o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia. / Foto de arquivo

A Consellería de Facenda e Administración Pública declarou a perda da condición de funcionaria de carreira da traballadora de Emprego na oficina de Melide, condenada por estafar a diversas persoas.

Esta empregada foi condenada por un delito continuado de estafa por pedir créditos a diversas empresas que operan por Internet a nome de ata 29 persoas, algunhas delas en situación de desemprego.

A resolución da Consellería foi publicada o 26 de marzo no Diario Oficial Galicia e responde á sentenza condenatoria, ditada o 18 de decembro de 2023 polo Tribunal Superior de Xustiza da comuni-

dade autónoma, que condenou a esta traballadora a un ano e medio de cárcere, ao pago dunha multa de 1.080 euros e a inhabilitación especial para, durante este tempo, desempeñar calquera función en oficinas de emprego ou organismos dependentes do Servizo Público de Emprego de Galicia. A nulidade da condición de funcionaria de carreira da condenada, con efectos dende o pasado 9 de febreiro, apoia-se na Lei de Emprego da comunidade autónoma.

A sentenza do TXSG aumenta a pena de prisión que establecera en nove meses o fallo xudicial que, en xuño do ano pasado, ditou a Audiencia Provincial da Coruña que lle aplicou a esta empregada e a súa parella (tamén condenada) tres atenuantes: dilacións indebidas, reparación do dano por depositar 45.882 euros na conta do xulga-

do para facer fronte a súa responsabilidade civil ante as persoas prexudicadas e por afección psicolóxica en moi alto grao cualificada, ao padecer ambos condenados unha ludopatía nun nivel de alta gravidade "que condiciona negativamente o funcionamento das súas funcións executivas maiores con redución da súa capacidade cognitiva, e, sobre todo, volitiva".

De acordo cos feitos probados, sucedidos entre novembro do ano 2014 e outubro de 2016, a ex empregada pública e o seu marido, utilizaron fotos do DNI das 29 persoas prexudicadas (algúns deles en situación de desemprego) para pedir créditos a través de Internet. A parella condenada tamén manipulou as nóminas da Xunta e a ex funcionaria de Emprego para facer ver que eran os dous prestamistas simulados.

## A Oficina Móbil de atención ás persoas emigradas retornadas chega ao municipio este venres



A Oficina Móbil de atención ás persoas emigradas retornadas. / Foto: X.Galicia

A Oficina Móbil de atención ás persoas emigrantes retornadas fará parada en Melide este venres 12 de abril, situándose no Cantón de San Roque en horario de 9:30 a 14:00 horas. Este servizo é gratuíto e as persoas interesadas poden acudir sen cita previa.

Esta iniciativa foi posta en marcha pola Se-

cretaría Xeral de Emigración cuxo obxectivo é promover a inclusión e integración da poboación emigrante retornada e dos seus familiares no territorio galego, cubrindo as necesidades de atención en todos os concellos que teñan máis dificultades para acceder ás sedes das Oficinas de Retorno. Este espazo móbil

conta con persoal técnico da Oficina Integral de Asesoramento e Seguimento ao Retorno".

Este programa céntrase, principalmente, en axudar a familias retornadas que carezan de recursos suficientes para axudarlles a facer fronte aos gastos extraordinarios da unidade familiar ao volver á comunidade autónoma. A iniciativa apoiará a estas persoas a desenvolver unha actividade tanto profesional como empresarial, mediante o establecemento como persoas traballadoras autónomas ou por conta propia.

Nestes espazos o asesoramento é realizado por persoal técnico cualificado en materias como: trámites administrativos anteriores e posteriores ao retorno; prestacións, axudas ou subvencións; asistencia sanitaria; vivenda; orientación laboral e emprendemento; e, por último, formación.

## Iago García, alumno do IES de Melide, participa nas SpainSkills



Iago García cos seus mestre e un compañeiro nas GaliciaSkills. / Foto: IES

Iago García, alumno do Ciclo de Madeira do IES de Melide e gañador da categoría de ebanistería das GaliciaSkills, participa esta semana nas SpainSkills 2024, onde competirá co mellor alumnado de toda España.

O centro educativo melidense estará moi ben representado por Iago

García que en outubro foi o vencedor entre todos os estudantes de Galicia.

Román Rodríguez, conselleiro de Educación, nun encontro cos representantes galegos nesta competición, entre os que estaba Iago, animounos a demostrar "todo o potencial" da Formación Profesional galega.



## Membros da Deputación provincial visitan Melide para presentar o Plan Único 2024



Varios membros do equipo de Goberno municipal coa deputada provincial, Cristina García. / Foto: Deputación da Coruña

A deputada de plans provinciais e asistencia a municipios, Cristina García, e o deputado provincial Xosé L. Penas visitaron o pasado 25 de marzo o concello

de Melide para presentar o Plan Único destinado a este municipio.

Nesta xuntanza estiveron acompañando os membros da Administra-

ción provincial o alcalde, José Manuel Pérez, o concelleiro Xesús Pereira e outros integrantes do Goberno local. Este ano, o Plan Único contempla para a vila un

investimento de 460.000 euros e un total de 50,5 millóns para toda a provincia.

O Plan Único, creado en 2017, “deixa atrás os plans finalistas e promove unha maior autonomía municipal”, explica Cristina García. “Agora son os gobernos dos concellos quen, en función das súas circunstancias, deciden cales son os proxectos prioritarios. Isto responde á realidade do noso país e da nosa provincia, xa que temos concellos con necesidades moi distintas e deste xeito a xestión dos recursos públicos é moito máis áxil e eficiente”.

Esta ferramenta da Deputación da Coruña está “pensada para mellorar o benestar e a calidade de vida da veciñanza, especialmente nos núcleos de poboación máis pequenos”, indican dende a Administración. No caso de Melide, nos últimos anos

transferíronse a través do Plan Único preto de 7 millóns de euros, que se destinaron cubrir parte do gasto corrente, como alumeados públicos e limpeza viaria, e tamén a obras, como a mellora en diferentes estradas e rúas, a creación de sendas peonís como a de Sabián ou Folicheiro, a substitución do céspede artificial no Campo de Fútbol do Cire ou a obra na parroquia de San Salvador. Obras que os deputados e membros do Goberno local puideron ver durante a visita.

Ademais, a deputada provincial, Cristina García apuntou que “nos próximos meses, previsiblemente, aprobarase unha segunda fase do Plan coa que agardamos poder superar a cifra total do ano 2023 e que habilitará unha nova partida e que incrementará o investimento nos concellos e lles permitirá avanzar en novos proxectos”.

## O Concello manifesta a súa oposición ao proxecto de Altri na vila de Palas de Rei



Alguns dos representantes políticos no Pleno do 3 de abril. / Foto: Cerne

O Concello de Melide, formado polas agrupacións de Adiante Melide e BNG, así como a portavoz do PSDG municipal, “mostran o seu total e firme rexeitamento ao megaproxecto industrial de celulosa do grupo portugués”, así o fixeron saber no Pleno celebrado o 3 de abril.

Dende a Administración local comentan que logo de analizar de maneira rigorosa o plan definitivo de

Altri e vistas as grandes diferenzas existentes co proxecto de inversión inicial presentado pola empresa hai 3 anos: cámbiase a actividade principal de negocio, pasando de centrarse na produción de fibra téxtil (lyocell) á pasta de celulosa; redúcense drasticamente os postos de traballo prometidos, pasando de 2.500 estimados a unha cifra inferior a 500; incrementase de maneira

preocupante o impacto ambiental estimado (por exemplo: consumirá 1,2 millóns de toneladas de eucalipto cada ano e 46.000 metros cúbicos de auga diarios).

“O Concello de Melide, pola súa proximidade, será un dos máis afectados polo megaproxecto Altri e a Xunta de Galicia. Polo que o equipo de goberno considera de interese estratéxico adoptar unha posición decidida na defensa dos intereses dos melidenses e o noso territorio”, comentan dende a Administración local. Ademais, as alegacións que presentará o Concello a este proxecto industrial estarán enfocadas en cuestións como o impacto que pode ter na saúde das persoas, afectacións ao Camiño de Santiago ou impacto medioambiental e visual.

Pola outra parte, dende o PP afirmaron no Pleno que teñen “confianza absoluta nos técnicos” que analizarán os documentos da avaliación ambiental.

## A Comunidade Enerxética Melidá conta cunha oficina no Multiusos



A oficina da Comunidade Enerxética no Viveiro de Empresas. / Foto: C.E.M

A Comunidade Enerxética Melidá conta cunha oficina de información no Viveiro de Empresas da vila, situado no Edificio Multiusos.

Esta entidade veciñal emprega este espazo municipal para ofrecer información a todas as persoas interesadas neste proxecto que poidan ter dúbidas e aínda non asistiran a nin-

gunha das súas xuntanzas ou a aquelas que non coñezan a iniciativa.

O horario de atención ao público desta oficina será os luns de 9:30 a 10:30 e os mércores de 19:00 a 20:00 horas. Este proxecto comunitario de produción de enerxía renovable está aberto a toda a veciñanza do municipio.



## Melide celebra a súa XVII edición da Foliada os días 27 e 28 de abril

O Concello presentou, o pasado 21 de marzo, o cartel e a programación da XVII edición da Foliada de Melide, un dos grandes eventos da música tradicional en Galicia.

Esta é a terceira ocasión na que a Administración local se fai cargo da organización desta festa da nosa música, que naceu no 2005 da man da Asociación Cultural e Musical O Castelo. A Foliada de Melide é un evento referente da música tradicional galega que cada ano congrega a milleiros de veciños, veciñas e visitantes.

Na presentación da Foliada estiveron presentes o alcalde da vila, José Manuel Pérez; a concelleira de Cultura, Mayka Basalo; o concelleiro de Turismo, Xesús Pereira; a deputada de Cultura da Deputación provincial, Natividade González; representantes dos grupos municipais socialistas e populares, Mónica Barral e Dalia García, respectivamente; e dous músicos participantes nesta edición da Foliada de Melide, Xurxo Fernandes e Xosé Lois Romero.

A programación deste gran evento da música tradicional comeza o sábado 27 ás 11:00 horas coa apertura da Mostra de Artesanía e Instrumentos, na Praza do Convento e as rúas próximas. Esta exposición permanecerá aberta durante toda a fin de semana, xuntando unha vintena de postos con instrumentos, traxes tradicionais ou tallas artísticas en madeiras, pedra ou coiro. Pouco despois comezará a animación de rúa con xigantes e cabezudos acompañados dos Treboeiros de Muimenta.

As 12h chegará unha das citas máis agardadas polos foliadeiros e foliadeiras, o Concurso de Cantos de Taberna que acada a 13ª edición. Os grupos participantes percorreren os bares



Membros do Goberno local e músicos participantes nesta edición da Foliada de Melide na presentación. / Fotos: Cerne

da zona vella da vila que serán puntuados, por primeira vez, por un xurado conformado con profesionais da música e o baile tradicional. As tres agrupacións gañadoras recibirán unha cesta de produtos locais. A entrega de premios será ás 15:30 horas na Praza das Coles.

Pola tarde, a festa segue cun novo pase dos Treboeiros de Muimenta e senllos obradoiros de baile, ás 17:30h para as crianzas e ás 18h para adultos, na Praza do Convento, co bailador e mestre de baile tradicional Miguel Sotelo. Nestas actividades colaborará Bico da Balouta. Ás 19h recuperarase outro dos clásicos da Foliada: a Marcha Gaiteira polas rúas do municipio. Nesta ocasión, haberá 10 grupos percorrendo distintas prazas e rúas para converxer no Cantón de San Roque. Dende alí, todas as agrupacións avanzarán ata a Praza das Coles, onde se celebrará o Serán.

O tradicional Serán, que foi orixinalmente o xermolo de toda a festa da Foliada, celebrarase a partir das 19:30 horas na Praza das Coles. Unha noite de música e bo ambiente coas formacións: Froito

Novo (Melide), O Bringuelo (Arzúa), Gaiteiros do Balado (Toques), Palacio do Rei (Palas de Rei), Airiños Galegos Doce Albor (Santurtzi), Herba Grileira (Melide), A Rexouba (A Coruña), Fol da Chousa (Santiso), A Casa da Troula (Rekalde), O Bingo Birón (Toques) e Pozo Pequeno (Melide).

A primeira xornada da Foliada, o sábado, péchase ás 23:30 horas co concerto de Ailá na Praza das Coles. Un grupo que xunta a tradición con novos ritmos e cores doutros lugares e culturas, representando o Tradi (grupo gañador dos premios Martín Códax da Música no 2023 na categoría de música tradicional).

O domingo continúa a troula ás 11h coa reapertura da Mostra de Artesanía e Instrumentos para seguir co pase de animación de rúa con xigantes e cabezudos acompañados pola banda Arume de Malvas. Ás 12h, a capela de San Antón acollerá a presentación do libro “Concha do Canizo. Este pandeiro que toco...”, da etnomusicóloga Xulia Feixoo, nel estuda as prácticas de transmisión oral protagonizadas polo pandeiro nas Terras das

Frieiras a través da historia propia Concha reconstruída a partir de entrevistas e gravacións musicais inéditas. Logo, ás 13h, actuará a agrupación Arume de Malvas na Praza do Convento. Este conxunto naceu no ano 2011 como proxecto veciñal e musical que recollese a herdanza do grupo folclórico Terra de Malvas de tres décadas antes. Comezaron coa banda en 2014, e nesta década teñen percorrido Galicia e mesmo Bretaña.

A sesión vermú do domingo correrá a cargo de Pärbo, na Praza das Ichoas. Este dúo está composto por dous referentes musicais como Begoña Riobó e Anxo Pintos. A primeira pon a voz no proxecto, toca o violino e máis a arpa céltica, mentres Pintos acompaña coa zanfona e o segundo violino.

Pola tarde, as actividades retómanse coa actuación final de Pesdelán, que utiliza a música ao vivo para ensinar xogos e bailes sinxelos. Esta formación conta con bailadores e mestres de varios grupos galegos e portugueses. Será ás 17:00 horas na Praza do Convento. Unha máis tarde, a Praza do Pozo pequeno acollerá unha xornada

de Xogos Populares interxeracional, dirixida pola Asociación Galega do Xogo Popular e Tradicional. Á mesma hora, na Praza do Convento, comeza a mostra de baile tradicional do Fia-deiro. Unha asociación cultural e folclórica que recolle e transmite o noso legado cultural cun espectáculo de melodías, cantos e bailes.

Para poñer o punto final á XVII edición da Foliada de Melide haberá dúas actuacións de alto nivel: Xurxo Fernandes e Xosé Lois Romero e Aliboria. Ás 19h comeza Xurxo Fernandes, un dos artistas máis singulares do panorama actual que innova dende a tradición, amosando unha visión única sobre as músicas de raíz. O seu espectáculo “Levaíno!” é unha festa chea de tradición e exotismo que liga o Atlántico co Mediterráneo. Ás 20:30 horas pechan a Foliada Xosé Lois Romero e Aliboria, que presentan neste proxecto o seu segundo disco, “Latexo”, unha das propostas de máis calidade dos últimos tempos en Galicia. Un espectáculo de canto e percusión, a cargo de seis mulleres e catro homes, que recolleu as mellores críticas.

Dende o Concello de Melide convidan a toda a cidadanía a celebrar esta XVII Foliada de Melide e volver converter a vila, durante 45 horas, na capital da música tradicional galega e da innovación cultural e musical.

Ademais, este gran evento da nosa cultura é un dos grandes impulsos económicos para os establecementos de proximidade do municipio pouco antes do comezo da temporada alta de verán. Dous días de troula nos que Melide acolle a milleiros de apaixonados da música e o baile tradicional que, xunto coa veciñanza, desfrutan de grandes músicos e agrupacións.



# FOL<sup>17</sup> MELIDE 27/28 abril 2024



instagram.com/foliadamelide  
facebook.com/foliadamelide  
foliadamelide@gmail.com

## SÁBADO 27 DE ABRIL

- 11:00 Apertura da MOSTRA DE ARTESANÍA e INSTRUMENTOS  
Rúa do Convento
- 11:30 ANIMACIÓN DE RÚA con xigantes e cabezudos  
**OS TREBOEIROS DA MUIMENTA**
- 12:00 **13º CONCURSO DE CANTOS DE TABERNA**  
Zona dos Viños
- 15:30 Entrega de premios do 13º CONCURSO DE CANTOS  
DE TABERNA. Praza das Coles
- 17:00 ANIMACIÓN DE RÚA  
**OS TREBOEIROS DA MUIMENTA**
- 17:30 OBRADOIRO DE BAILE Xenta cativa  
**MIGUEL SOTELO** coa colaboración de Bico da Balouta  
Praza do Convento
- 18:00 OBRADOIRO DE BAILE Adultos  
**MIGUEL SOTELO** coa colaboración de Bico da Balouta  
Praza do Convento
- 19:00 **MARCHA GAITEIRA.** Percorrido pola vila
- 19:30 **SERÁN.** Praza das Coles  
**FROITO NOVO** (Melide)  
**HERBA GRILEIRA** (Melide)  
**POZO PEQUENO** (Melide)  
**OS DO MEDIO** (Melide)  
**O BINGO BIRÓN** (Toques)  
**GAITEIROS DO BALADO** (Toques)  
**A MARISTELA** (Sobrado dos Monxes)  
**FOL DA CHOUSA** (Santiso)  
**O BRINGUELO** (Arzúa)  
**AIRIÑOS GALEGOS DOCE ALBOR** (Santurtzi)  
**A CASA DA TROULA** (Rekalde- Bilbao)  
**A REXOUBA** (A Coruña)  
**AGRUP. FOLCLÓRICA ANCORADOIRA** (Culleredo)

23:30 ACTUACIÓN. Praza das Coles

# AILÁ

## DOMINGO 28 DE ABRIL

- 11:00 Apertura da MOSTRA DE ARTESANÍA e INSTRUMENTOS  
Rúa do Convento
- 11:30 ANIMACIÓN DE RÚA con xigantes e cabezudos  
**BANDA DE GAITAS ARUME DE MALVAS**
- 12:00 PRESENTACIÓN DO LIBRO  
**CONCHA DO CANIZO.**  
**ESTE PANDEIRO QUE TOCO**  
Capela de Santo Antón
- 13:00 ACTUACIÓN. Praza do Convento.  
**BANDA DE GAITAS ARUME DE MALVAS**
- 14:00 SESIÓN VERMÚ. Praza das Ichoas.  
**PÄRBO**
- 17:00 ACTUACIÓN INFANTIL. Praza do Convento  
**PESDELÁN**
- 18:00 XOGOS POPULARES. Praza do Pozo Pequeno
- 18:00 MOSTRA DE BAILE TRADICIONAL. Praza do Convento  
**O FIADEIRO**
- 19:00 ACTUACIÓN. Praza das Coles  
**XURXO FERNANDES**
- 20:30 ACTUACIÓN. Praza das Coles  
**XOSÉ LOIS ROMERO**  
**E ALIBORIA**

Organiza



Patrocina





JOYERIA  
RELOJERIA

# Silvela

Unha xoiaría coas mellores marcas:  
Tous, Pandora, Lotus, Festina, Jaguar,  
Viceroy, Lladró, Marina García, Nadal,  
Magic Wire, Bering, Tommy Hilfiger,  
Sandoz, Vidal & Vidal, Mabina,  
PDPaola e Disney

**TOUS**

**PANDORA**

**LOTUS**



**MARINA GARCIA**

**LLADRÓ**

**BERING**



**VICEROY**  
WATCHES & JEWELRY

**TOMMY HILFIGER**  
WATCHES

*"Nuestros años son nuestra mejor garantía y seguiremos"*

Ronda da Coruña, 40  
Melide (A Coruña)  
981 50 59 97

@joyeria.silvela  
 Joyeria Silvela  
 681925159

## ASISTENCIA E ATENCIÓN XURÍDICA

Ana Mato Salgado  
671 83 34 25

- Divorcios
- Familia
- Herencias
- Penal

ESPECIALIDADES

# CLM

Construcciones Leonardo Miguez sl



Somos especialistas en el ámbito de la construcción de toda clase de obra civil, edificaciones, conservación y reparación de carreteras.

**Contrucción de obra pública y privada**

**Casi 40 años de experiencia avalan nuestra empresa**

Polígono da Madanela Parcela 10-11  
Melide (15800) A Coruña

981 50 52 73  
 info@clmsl.com

## ESPECIAL BAÑOS

- Sustitución de bañera por plato de ducha
  - Platos a medida. Fabricación propia
  - Paredes sin juntas con formato grande de 'Techlan' o 'Dektom'
- ¡¡¡¡Recuerda, elimina tus viejos azulejos por los nuevos formatos sin juntas!!!!**

## TRABAJOS EN CEMENTERIO

- Revestimientos de nichos
- Grabado de placas
- Chapas de acero
- Letras de acero, bronce y porcelana

## OTROS TRABAJOS

- Fachadas ventiladas
- Fachadas Sate
- Fachadas de piedra, granito, dektom o Tecklan
- Fachadas y muros de perpiaño
- Columnas, balaustres

# marmolería melide

Parque Empresarial  
La Madanela, Parcela 42  
15.800 MELIDE (A Coruña)  
 Tlf.: 981 505 518  
 Fax.: 981 505 518  
 e-mail: marmolmelide@gmail.com



## A veciñanza do concello de Santiso pode solicitar composteiros para xestionar os residuos orgánicos



Un composteiro no que se depositaron residuos de materia orgánica para facer compostaxe. / Foto: iStock

A veciñanza do concello de Santiso pode solicitar composteiros para xestionar os residuos orgánicos.

Dende o Concello están traballando na mellora do servizo de xestión de residuos que se xeran nas casas, cumprindo coas obri-

gas legais establecidas polas diferentes administracións.

“Desta vez queremos centrar nos residuos orgánicos, xa que os restos de comida e os restos vexetais representan case a metade en peso, dos residuos que xeramos nos nosos fo-

gares. Ademais son o tipo de residuo que máis problemas medioambientais xera se non se trata axeitadamente”, afirman dende o Consistorio.

Para amosar o compromiso ambiental da Administración local vai conti-

nuar co plan de compostaxe doméstico iniciado en 2019, coa instalación de 75 composteiros en distintas casas do municipio. “Queremos arrancar este ano 2024 reforzando o traballo xa feito ata o momento, iniciando unha campaña de divulgación para que máis persoas se poidan sumar a este proxecto e mellorar a separación en orixe da fracción orgánica municipal. Isto vai significar unha mellora ambiental, económica e social para o noso concello”.

Estes composteiros poderán solicitar todos os veciños e veciñas empadroadas en Santiso que residan nunha vivenda unifamiliar e dispoñan dunha parcela verde onde instalar o composteiro.

O obxectivo desta iniciativa é xestionar os restos de comida xerados nos fogares e os restos da eira e da horta. Deste xeito, redú-

cese a cantidade de residuos que van ao colector da fracción resto e axuda a cumprir coa normativa vixente en materia de residuos.

Para solicitar os composteiros é preciso entregar o documento de solicitude no Concello ou a través do correo electrónico. A inscrición é totalmente gratuíta e unha vez feita a persoa solicitante recibirá o seu composteiro doméstico, un manual de compostaxe e asesoramento técnico durante todo o proceso. O material entregárase nunha charla informativa que organizará a Administración.

A maiores, para as persoas que recibiron o composteiro no 2019, recibirán unha visita técnica para resolver dúbidas, aportar consellos diante de algunha adversidade que saíra no proceso e axudar a continuar coa compostaxe doméstica.

## TUS GAFAS MAGIC CON 2 CLIPS

Cambia tus gafas con los MAGIC CLIPS



**C/ RONDA DE CORUÑA  
MELIDE · 91 770 71 63**

(E-15-001258)

Pide tu cita  
afflelou.es



EXCLUSIVO  
**ALAIN AFFLELOU**

**20**  
AÑOS  
MIRANDO  
AL FUTURO  
2004-2024



## O mes de abril está cargado de música na comarca para disfrutar toda a veciñanza

Concerto de primavera 12:30h

Banda de música de Visantoña



Vicente Parrado Lucía Sesar Daniel Varela

*Os nosos solistas*

### Festa da Xuventude TOQUES

Sábado 27 Abril 2024

Misa solemne ás 13:00 h.  
Sesión vermú co **DÚO TRASNOS**  
Pola tarde actuación do **DJ ROKIÑO**  
Pola noite verbena co

**Dúo Trasnós**  
e a continuación a  
**ORQUESTRA La Fórmula**

Parte dos carteis do Concerto de primavera dos solistas da BMV e da Festa da Xuventude Toques. / Foto: Redes Sociais

O mes de abril está cargado de música na comarca para disfrutar toda a veciñanza.

A primeira cita é este domingo 14 co Concerto de primavera dos solistas da Banda de Música de Visantoña. Nesta actuación poderemos disfrutar dos músicos Vicente Parrado, Lucía Sesar e Daniel Varela, todos eles veciños e veciñas da comarca da Terra de Melide.

O Concerto será ás 12:30 horas na Escola de Música de Visantoña con entrada gratuíta para as persoas asistentes.

O segundo evento será a Festa da Xuventude en Toques o vindeiro sábado 27 de abril coas actuacións de Dúo Trasnós, Dj Rokiño e a orquestra La Fórmula. Ademais, haberá comida campestre cun menú formado por: entre-

meses, churrasco, postre, café e bebida por 23 euros. A encarga para a comida pode facerse en Casa Alfonso ou chamando ao teléfono 617 00 63 23 (Rocío).

Ademais, o campo da festa estará cuberto con carpa. Ao recinto estará prohibido entrar con bebida.

Dúas boas opcións para disfrutar da música na comarca.

## O 8 de xuño será a V Xuntanza do Mastín do Pirineo en Sobrado



Un Mastín do Pirineo co seu dono na IV Xuntanza. / Foto: Marcos del Río

O 8 de xuño celebrarase a V Xuntanza do Mastín do Pirineo no Mosteiro de Santa María en Sobrado.

O Club do Mastín do Pirineo de España (CMPE) organiza esta reunión na que tamén se realizará un concurso entre os mastíns participantes, o xuíz de dita competición será Antonio Mingot Belinchón. O inicio dos xuízos comezará ás 16:00 horas. Nesta iniciati-

va colabora tamén o Concello de Sobrado.

Como é habitual, neste concurso participarán como cada ano exemplares procedentes de diversos lugares como Galicia, Asturias ou Valencia. O ano pasado nesta xuntanza celebrada en Silleda participaron uns corenta mastíns.

Esta reunión é unha ocasión máis para promover esta raza canina.



## Véndese leña picada de carballo

Santa María de Melide

636 866 996





## Máis de 400 persoas únense na Área Recreativa da Cornella para mostrar o seu rexeitamento ao proxecto de Altri en de Palas de Rei

O pasado domingo, 7 de abril, máis de 400 persoas uníronse na Área Recreativa da Cornella (Santiso) para mostrar o seu rexeitamento ao proxecto de Altri en Palas de Rei.

Esta iniciativa, organizada polo Concello e o colectivo Santiso Vivo, consistiu nunha andaina dende os terreos nos que se pretende instalar a fábrica de Altri ata a Área Recreativa da Cornella, bañada polo río Ulla. Nesta actividade participou veciñanza de diversos municipios como Melide, Arzúa, Toques, Santiso ou Palas de Rei, así como representantes públicos como os alcaldes de Arzúa, Toques, Arzúa, Vila de Cruces, Melide ou un concelleiro de Antas de Ulla.

Unha xornada que dende a organización cali-



A xente que acudiu a xornada en contra do proxecto de Altri na Área Recreativa da Cornella. / Foto: P. Ulloa Viva

fican de "emocionante", a maiores, "queremos agradecerlle ás máis de 400 persoas a súa participación na andaina e posterior xornada informativa".

Unha vez feita a andaina, os participantes puideron desfrutar dun chocolate con churros para repoñer forzas e xuntarse para realizar unha cadea

humana rodeando o Ulla, "unha roda para protexer de xeito simbólico o río", comentou Manuel Adán, alcalde de Santiso. Ademais, Adán fixo fincapé na

importancia de unirse e sumar forzas, "se alguén pode parar este proxecto somos nós, a xente, por iso esta será a primeira de varias iniciativas que se realizarán no concello".

Durante a cadea humana realizada arredor do río a veciñanza reivindicou a súa oposición con cánticos como "a auga é nosa, non da celulosa" e pancartas con diversos lemas en contra da instalación de Altri.

Para rematar a actividade de rexeitamento ao proxecto de Altri, interviron uns breves minutos Sara Castro, doutora do Centro de Saúde de Santiso, e Xosé Manuel Broz, director do Museo Terra de Melide, para comentar os efectos que tería esta fábrica na saúde e o patrimonio.

## O BNG leva a oposición á celulosa de Altri ó Parlamento, Congreso e Senado



Os alcaldes e representantes do BNG na comarca, así como o deputado no Congreso Néstor Rego. / Foto: BNG

O BNG amosou o seu rexeitamento ao proxecto de Altri e anuncia que levará a súa oposición ó Parlamento, Congreso e Senado, nunha rolda de prensa en Melide, o pasado 25 de marzo. Nesta xuntanza estiveron presentes os alcaldes de Toques, Santiso e Arzúa, representantes do BNG nos concellos desta contorna,

así como Iria Carreira (deputada no Parlamento) e Néstor Rego (deputado no Congreso).

O partido nacionalista reclamará ao Goberno do Estado "toda a información da tramitación para a adquisición de fondos e créditos europeos e coñecer se o executivo estatal está disposto a que este proxecto

se poida asentarse na Galiza con fondos públicos, a pesar de incumplir todos os requisitos do Mecanismo de Reconstrución e Resiliencia para a obtención dos Fondos Europeos".

Dende o Bloque Nacionalista Galego fan fincapé en que esta celulosa "suporá a destrución do sector agrogandeiro nas co-

marcas afectadas, suporá a destrución do río Ulla e que mesmo terá graves consecuencias a quilómetros destas comarcas como a Ría de Arousa, véndose un sector tan importante como o marisqueiro".

O responsable comarcal do partido, Denis Bermúdez, comentou que estarán á disposición da veciñanza nos concellos nos que goberna para "informar e axudar a veciñanza no proceso de alegacións que remata o 17 de abril". Ademais, dixo: "entendemos que as institucións sempre deben estar ao servizo da veciñanza e teñen que servir para defender os intereses xerais de todos eles".

Ademais, Iria Carreira (deputada no Parlamento) manifestou que "fronte a este modelo, o BNG entende que existe outra forma de facer as cousas. Alternativas que poñan no centro o desenvolvemento socioeconómico das comarcas da Ulloa, Terra de Melide e Arzúa". Carreira tamén denunciou "as mentiras e

manipulación do PP en todo este proceso: a comezar por cando falaban de que sería un proxecto de elaboración de fibras téxtiles; seguindo por afirmar que sería un proxecto que pecharía os ciclos de produción no País; ou mesmo o baile de cifras en canto a número de postos de traballo".

Néstor Rego, aproveitou a súa quenda de palabra para defender que os recursos do mecanismo de Recuperación, Transformación e Resiliencia (sobre todo o PERTE de descarbonización) "veñan para Galiza" pero non para un proxecto que "incumpe todos os requisitos en canto a criterios de sustentabilidade". Por este motivo, o Bloque Nacionalista Galego preguntará ao Goberno do Estado "se coñece os pormenores do proxecto industrial, así como o brutal impacto negativo tanto ambiental como socioeconómico e, en consecuencia, se está en disposición de deneigar os fondos europeos que están a pedir".



## Melide presenta a XXXII edición da Festa do melindre no Fórum Gastronómico da Coruña



Alberto Rodríguez, J. Manuel Pérez e Xosé Igrexas na presentación da Festa do melindre na Coruña. / Foto: C.M

O Concello de Melide presenta a XXXII edición da Festa do melindre e a repostería tradicional da vila, que como xa é habitual segunda fin de semana de maio, no Fórum Gastronómico da Coruña.

Neste acto intervirán: José Manuel Pérez, alcalde do municipio; Xosé

Igrexas, concelleiro de comercio; e Alberto Rodríguez, presidente da Asociación Melide Terra Doce.

Os días 11 e 12 de maio a vila melidense volverá ser o lugar máis doce de Galicia. Nesta edición os embaixadores do melindre serán: Gorka Rodríguez, cociñeiro e propietario da

Pulpería Melide na Coruña; o Museo Terra de Melide "como institución onde se garda a nosa memoria histórica e cultural", destacou Xosé Igrexas na presentación; e tamén na persoa de Paco Veiga por ser membro e fundador da Asociación Galega do Xogo Popular e Tradicional e tamén cola-

borador e especia apoio a difusión da tradición cultural como tamén é a Festa do melindre e a repostería tradicional.

Os actos arredor da Festa comezarán o luns 15 e martes 16 de abril, días nos que haberá obradoiros de repostería nos locais produtores como é na Pastelería Estilo, Tahona, Trisquel e Panadería Toques. Nestes espazos reposteiros o alumnado de 6º de primaria dos centros educativos de Melide e Toques poderán ver como se elaboran os doces típicos da comarca.

Logo, xa metidos na propia Festa, o sábado 11 de maio de 11 a 14h e de 16:30 a 20:30h no Espazo Amendado (Cantón de San Roque) haberá un Obradoiro Infantil de Pintura de Mandís a cargo de Leonor Díaz de Como Pez en el Agua. A maiores, de 11:30 a 15:00h as rúas do municipio estarán amenizadas pola Charanga Alambique.

O domingo 12 ás 17:00h haberá, a cargo da

Contadora de Contos Sole Felloza, unha actividade de Cociña de Contos para o público familiar con degustacións divertidas e elaboradas polo cociñeiro e embaixador do melindre Alex Iglesias.

Para rematar a Festa da repostería tradicional, ás 20h haberá un Show-cooking cun concerto en directo con degustación de produtos da Terra de Melide a cargo do cociñeiro Gorka Rodríguez. A música correrá a cargo da cantautora arzuá MJ Pérez (premio Martín Códax da Música 2021 e finalista dos premios Opinión da Música de Raíz no 2021).

Ademais, o alcalde comunicou na presentación da Festa do melindre que "o pregoeiro saberase xusto antes da festa, que naturalmente tamén será nomeado embaixador. Entregarémolle o galardón na inauguración o domingo 12, á que estades todos convidados, polo que vos agardamos todos en Melide".

# ANÚNCIATE NO CERNE!

- ✓ O teu anuncio verase en toda a comarca, máis de 1.000 exemplares
- ✓ Formato dixital nas nosas redes sociais e páxina web
- ✓ Posibilidade de deseño do anuncio sen custo adicional





## A Plataforma Asesores Unidos esixe diversas medidas á Administración en defensa da dignidade da profesión



Varias persoas sendo atendidas por un asesor, como os que forman parte desta Plataforma, na súa oficina. / Foto: iStock

A Plataforma Asesores Unidos esixe diversas medidas á Administración Pública en defensa da dignidade da profesión.

O 14 de marzo, "baixo o escudo dunha crise sanitaria iniciouse un sibilino e radical cambio de réxime administrativo, do que todos respondemos como profesionais en todo momento para dar respaldo económico e formal á cidadanía, a que se lle prohibiu acceder á Administración dun día para outro, así como traballar dunha forma soterrada para unha

Administración que cada día deriva en nós máis procesos que deberían serlles propios, dificultando a nosa capacidade de resposta e resolución por segundos", comentan no escrito da entidade de asesores.

Dende este colectivo denuncian que se lles descargou a atención da cidadanía "que corresponde á propia Administración, atención que na maioría das veces non podemos cuantificar economicamente, xa que a natureza da nosa labor, así como os inxentes trámites puramente buro-

cráticos, levan a que rematemos por realzalos de maneira altruísta".

Como consecuencia desta insostible situación xurdiu este movemento a raíz da Plataforma Asesores Unidos, conformada por graduados sociais, avogadas, economistas, contables, xestores administrativos, entre outros profesionais afectados. O obxectivo deste movemento é dar impulso a un mecanismo que "nos permita demandar da Administración a adopción urxente de varias medidas para obrigar á

Administración a axustarse ao Dereito e para posicionar a nosa labor nunha posición de respecto e respaldo administrativo da que agora mesmo carecemos por completo".

Algunhas das medidas que solicitan os asesores son: obriga por parte da Administración de emitir un informe de erro cada vez que as plataformas ou portais informativos non funcionen, aos efectos de defensa das súas actuacións, así como aos efectos de recorrer a posible responsabilidade na que se considere que incorre pola falta de presentación ou tramitación, por causas non imputables ao sector da asesoría. Dereito ao erro, "non podemos ser obxecto dunha presunción continua de fraude nas nosas actuacións por meras omisións", polo que solicitan que se anule a actual inversión da carga da proba existente en todos os procesos administrativos, para aqueles trámites que se realicen a través de profesionais que actúen en calidade de colaboradores, entendendo que a mera omisión non supón un com-

portamento fraudulento por parte destes. Aplicación do tipo superreducido do IVE ao 4% pola prestación dos servizos, que se deben considerar como básicos e esenciais, xa que "de non realzalos nós a súa xestión por parte da Administración non sería asumible". O prazo de contestación de trámites por parte da Administración debe equipararse ao esixido ao profesional. Establecemento dunha dirección electrónica de notificacións única e real para toda a cidadanía e colaboradores, "non sendo asumible a actual cantidade de rexistros e direccións ás que temos que acceder, e igualmente establecer un número de notificacións máximo diario para colaboradores, en atención ás dimensións do despacho profesional e ao número de autorizados". Así como que os prazos para a tramitación en liña a través de Sistema Red deben entenderse sempre en días hábiles sempre, "o que nos permitirá exercer o noso dereito á desconexión dixital, así como á conciliación da vida familiar e laboral, ata agora imposible".

# FLORISTERÍA MARU

**9 de maio**  
**DÍA DA NAI**  
*Agasalla unha flor*



 floristeriamarumelide

 Floristería Maru

- Amplia variedade en flores e plantas
- Eventos nupciais, comunións, etc
- Coroas e centros florais

Rúa do Convento, 9 - Melide

Tfl: 981 50 75 80

floristeria.maru@gmail.com



## ARCADIA E O ATRAPADOR DE NOTAS

Aquela mañá, unha densa néboa pousárase sobre o pobo, xusto onde o relento da noite deixara molladas as follas das árbores, que se sacudían enriba de mín. Agochada trás do pavillón, vin chegar aos nenos no bus á escola, mentres non deixaba de arrepiarme por mor dos calafríos que me provocara a molladura. Estarriqueime enriba dunha póla e lembrei...

Polo voso maxín non pode pasar o que me aconteceu na fin de semana cando vós xogabades ledos lonxe da escola. Un home con lentes, que semellaba moi despistado, delgadísimo, e co pelo curto, chegou na súa bicicleta desartallada cun bolso azul colgado do ombreiro esquerdo e, dentro deste, unha especie de aparello atrapabolboretas.

No ar, e de súpeto, o arrecendo a xabón e a melocotóns verdes que proviña da súa persoa, inundouno todo. Ese aroma acompañouno perante toda a visita e segue no meu recordo, quizais xa para sempre...

Logo de deixar a súa bicicleta apoiada na noqueira, á beira da estrada, sacou a rede e púxose a dar voltas sobre si mesmo, collendo do ar unha especie de estraños bichiños minúsculos que sen saber de onde saían lle circundaban a testa.

Levado pola tolemia, o home brincaba tan alto coma lle permitían os resortes que lle saían de debaixo das zapatillas deportivas que calzaba. Nun destes brincos, engancho o pantalón nun ferro do valado do colexio, facéndolle un sete polo que se podía ver unha perna que semellaba un pau, unha caneliña vaia! E, ao perder o equilibrio, caeu ao chan tan longo era, onde permaneceu estático e empapado en suor.

Arrastrada pola miña curiosidade extrema, achegueime caladiña, crendo que estaba morto e vin, con sorpresa, o misterio que me mantivera agochada espiando ao estraño personaxe dende a súa chegada.

No bolso azul rebulían os bichiños que loitaban por saír, dando golpes e emitindo uns sons melodiosos a pesares de todo, pero que se afogaban aos poucos, obrigados polos manotazos que, de cando en vez, e sen abandonar a horizontalidade polo esgotamento, o cazador lles propinaba por fora do bolso.

Cando me decatei de que os golpes cesaran, mirándoo fixamente, el abriu os ollos moitísimo, e do susto, caín de cu no chan. Ergueuse rapidamente e dándome unha man levantoume tamén.

Logo de dedicarme un gran sorriso, que deixaba ao descuberto unha limpísima dentadura da que sobresaía un dente descolocado que lle daba un aire moi gracioso a súa faciana, preguntoume: "Como te chamas?"

-Son Arcedia. Coido que son unha fada do bosque, moi pequena iso si, pero unha xana ao fin. Como te chamas ti?

-Quiquiño, son músico e vivo en Santiago.

Compartimos o molete recheo de queixo e marmelo que o músico traía para o almorzo, e unhas noces que eu recollera do chan. E así foime debullando a súa pequena grande historia:

-Hai anos que me acompaña unha marabillosa virtude. Vexo no ar as notas musicais. Aparécense de súpeto e pódoas identificar polos seus nomes. Ves? Agora mesmo hai un Fa xusto enriba da túa orella esquerda, e sobre os teus cabelos un Mi e un Sol bailan unha fermosa danza. Na súa rebeldía intentan escapulirse pero sempre saio eu gañando, e pódoas atrapar. Vente e axúdame a coller aquela nota. É un Re que se pousou coas pernas cruzadas na rede da canastra de baloncesto do patio da escola.

Cando quero compoñer unha melodía, collo o meu aparello atrapador de notas e saio buscalas. Así cheguei a este o teu pobo, conducido por medio dunha miña amiga que di sentir uns zunidos coma de moscas, cando algunha mañá de néboa chega ao cole, e que supuxo poderían ser as notas que eu sei identificar.

Véñolles contar a cativada deste pobo, como atrapando notas, unha tras doutra, se pode facer música, se sabemos dominalas para que deixen de loitar entre elas e, disciplinadas se ordenen dentro dos compases e dos pentagramas que son, ao fin, os roteiros por onde descorren ledas bailando as melodías que as xentes poden logo desfrutar.

Despois dunha aperta agarimosa, na que nos demostramos que íamos ser amigos para sempre e na que puideron ulir de preto de novo o arrecendo a xabón e melocotóns verdes que saen do corpo do meu amigo, dixémonos adeus, convencidos de voltarnos ver calquera mañá de néboa, en que as notas musicais sobrevoen o meu pobo na procura dalgún músico, que co seu aparello atrapador, lles faga un lugar nos petos do seu bolso azul, para logo, localas nas cordas da súa guitarra e nos corazóns e nas almas dos que saben escoitalas.

Desta marabillosa visión botei a culpa ás noces que recollín do chan crendo que poderían ser alucinóxenas pero, a testemuña de que foi certo canto vos acabo de contar, é o pedaciño de tela do pantalón do Quique que quedou enganchoado no ferro da valado da escola.

Polas noces e os figos daquela decateime, que xa chegara o inverno...





MARÍA CABADO, FLORISTERÍA MARU

## “Neste 2024 cúmprense 30 anos dende que decidín abrir as portas de Floristería Maru”

- **Que servizos ofrece en Floristería Maru?**

- **María Cabado:** En Floristería Maru ofrecemos flor natural, preservada, seca e artificial; plantas de interior e exterior; obxectos de decoración; arranxos florais, decoración para eventos (vodas, bautizos, comunións...) e tamén arranxos fúnebres.

- **Como tedes a axenda para este verán, en canto a eventos? É un ano forte?**

- **M.C:** Pois xa temos algunha data ocupada na que sería imposible coller máis traballo. Continuamos na mesma liña de anos anteriores.

- **A xente anímase a mercar ou regalar flores/plantas en calquera época do ano ou só en datas sinaladas como o Día dos Namorados ou os tradicionais Día da Nai ou do Pai?**

- **M.C:** En calquera época do ano se agasallan flores ou plantas, porque sempre hai aniversarios, Santos ou algún acontecemento no que se queira expresar agarimo, aínda que a venda maior si que é en días como o día dos Namorados, Día do Pai, Semana Santa, Día da Nai e pola celebración de Santos e Defuntos.

- **Sodes unha tenda cun amplo percorrido, que repaso farías da túa traxectoria como xerente da tenda?**

- **M.C:** Neste 2024 cumpriranse trinta anos dende que decidín abrir as portas de Floristería Maru, os comezos non son sempre fáciles pero tiveron o apoio da miña familia, amigos e dos meus clientes, sen eles este camiño non sería posible, só teño palabras de agradecemento por seguir apoiándome como o fan.



María Cabado, xerente de Floristería Maru, no seu establecemento de flores e plantas na Rúa do Conveto en Melide. / Foto: Cerne

- **Que é o que máis se leva este ano en arranxos florais e plantas?**

- **M.C:** En arranxos florais as mesturas de cores vibrantes conxuntando distintas variedades florais. En canto a plantas de interior as crasas, plantas purificadoras como a Sanseveria (espada de San Jorge) e orquídeas en diferentes variedades; nas plantas de exterior estamos en época de surfinias, petunias, xeránios, tagetes...

- **Que consellos nos darías para coidar ben as nosas plantas/flores e telas sempre en bo estado?**

- **M.C:** As flores deberían cambiar a auga cada dous días, que sexa auga fría e cortar os talos en diagonal. As plantas debemos aboalas de marzo a outubro, botarlles pouca auga, una vez por semana e localizadas en lugares luminosos

pero non con sol directo.

- **Son as redes sociais un bo escaparate para o comercio local?**

- **M.C:** Si, por suposto, cando publicamos contido nas redes sociais sempre recibimos mensaxes de consulta e novas encargas, tamén teñen moi boa acollida os sorteos que facemos nelas, aproveitamos para anticiparvos que estamos preparando algo para o Día da Nai pero por agora é sorpresa.

- **Ultimamente, nas redes sociais anunciades moito cestas ou recipientes que combinan as plantas/flores con outros produtos como poden ser unhas cremas, que tal acollida teñen por parte da clientela?**

- **M.C:** Están tendo moi boa acollidas, se ir mais lonxe polo Día do Pai fixemos arranxos con prantas e licores, doces ou perfumes.

Tamén os nosos clientes nos traen agasallos para que llos engalanemos con flores ou plantas.

- **O mundo da floraría tamén necesita innovarse e adaptarse aos novos tempos?**

- **M.C:** Sempre nos actualizamos, as tendencias van variando cada pouco e intentamos adaptalas as circunstancias e aos gustos da nosa clientela.

- **Notades moito no sector a competencia de internet?**

- **M.C:** En termos xerais non, nos ofrecemos un trato máis directo e personalizado, tentando que o noso traballo satisfaga ao cliente e se adapte as súas necesidades.

- **Nos vosos produtos tiestes que subir os prezos nos últimos tempos?**

- **M.C:** A subida no prezo das flores estase a converter

nunha constante nos últimos tempos, dunha semana para outra temos variación de prezo na flor que se produce fóra do noso país, o que en ocasións resulta un problema cos presupostos que damos aos nosos clientes porque poden variar dende o que lles dicimos nun primeiro momento.

- **No voso sector hai problemas para atopar persoal?**

- **M.C:** O que ocorre e que non hai xente con formación especializada no noso sector, intentamos buscar persoas ás que lles guste o mundo floral e a decoración. Sempre tiveron moita sorte coas miñas empregadas, adaptáronse moi ben.

**Floristería Maru**

Rúa do Convento, 9  
15800 - Melide  
Tif: 981 50 75 80






## CAMPAÑA DE DETECCIÓN PRECOZ DE LA PÉRDIDA AUDITIVA

2023

**NUESTRA MISIÓN EMPRESARIAL ES HACER SU VIDA  
MÁS SENCILLA CON UNA SOLUCIÓN BRILLANTE**



**Se colocan totalmente dentro del oído, prácticamente invisible.**

No solo es un excelente audífono, es una verdadera solución multifuncional.

- ✓ **Sonido claro y variado.**
- ✓ **Conexión a teléfonos inteligentes, TV y más**

✓ **Tecnología recargable** (olvídense de las pilas), se cargan rápidamente y ofrecen un día completo de audición.

✓ **Se activan automáticamente** al retirarse del cargador y se desactivan cuando se vuelven a colocar.

## PRUÉBELOS ¡UN MES GRATIS! EN CASA

### Y PÁGUELOS CÓMODAMENTE EN PLAZOS DE 3, 6, 12 Ó 36 MESES

Solicite **UNA CITA** en nuestro Centro Auditivo para realizarle un completo examen auditivo, **sin coste para usted**



E-15-001359

**INSTITUTO DE LA SORDERA S.L.**  
Ronda da Coruña, 34  
15800 Melide - A Coruña  
Tel.: 981 50 72 87  
648 75 47 61

**Pedir hora**

